

A MIÑA GRAN PEQUENA GRANXA

John Chester, 2019

634

ESTREA EN NUMAX: 31.01.2020 | V.O.S.E. | TP

The Biggest Little Farm (2018, 91')

Dirección: John Chester

Guión: Mark Monroe, John Chester

Participación: John Chester, Molly Chester, Matthew Pilachowski

Son: Kate Hopkins, Alex Knickerbocker

Fotografía: Kyle Romanek

Montaxe: Amy Overbeck

Música: Jeff Beal

Produtora: Diamond Docs, FarmLore Films (Estados Unidos)

Distribuidora: Festival Films

Formato de proxección: DCP2K, 2.35:1

Idioma orixinal: Inglés

PREMIOS E FESTIVAIS

Sundance 2019 (Sección Oficial),

Toronto 2019 (Sección Oficial)

FILMOGRAFÍA

Rock Propceries, 2009

Lost in Woonsocket, 2007

Euphoria, 2005

SINOPSE

En 2011, o director de documentais John Chester e a súa muller, a chef profesional Molly Chester, toman unha importante decisión: deixar os seus traballos e mudarse ao campo ao norte de Los Angeles a cultivar unha granxa.

«É como unha brisa fresca para a alma á vez profundamente persoal e obxectiva. Busca solucións de xeito imperturbábel»

Peter Debruge, VARIETY



A MIÑA GRAN PEQUENA GRANXA

John Chester, 2019

“A granxa achega inspiración e enerxía positiva, mesmo nos intres máis duros e desafiantes”

Entrevista con John Chester, agricultor e cineasta

Comezar a cultivar é unha cousa, pero comezar a cultivar e crear unha longametraxe documental da experiencia é outra moi distinta. Cal foi a túa inspiración para crear A miña gran pequena granxa? Durante os primeiros anos que estivemos a cargo da granxa, non estaba nada convencido de que o noso plan de cultivar, reconstruír a terra e coexistir coa natureza fose funcionar. E non quería que os demais se confiasen e confundisen ao pensar que este nivel de colaboración co ecosistema fose posíbel. Pero á volta do quinto ano algo mudou. Moitas especies salvaxes de vital importancia volveron, así como unha variedade de insectos que agora servían como depredadores e axudaban a reequilibrar as pragas que estiveramos a combater até o momento.

A verdadeira inspiración chegou cando comecei a decatarme de que cousas que considerabamos que eran problemas, como algunhas de especies de plantas que adoitabamos clasificar como malas herbas, en realidade estaban a axudar a achegar nutrientes ás nosas

terras e a alimentar as nosas froiteiras. A granxa estaba incorporando todo aquilo e reconstruíase a si mesma co seu propio e complexo sistema inmunolóxico. Estabamos a gravar toda a historia desde o inicio, pero a idea de facer un filme non a tiven até ese ano. Lembro o día no que decidín facelo. Ía andando pola horta e pasei ao carón dunha árbore que tiña estado infestada de pulgóns. Agora está cuberta de centos de xoaniñas, un dos maiores depredadores dos pulgóns. E foi despois dese exemplo que tiven claro que estaba preparado para relatar a historia ao completo.

Foi todo un reto gravar o documental mentres tamén estabas dedicándote ao cultivo? Facer ambas cousas a un tempo foi unha das maiores loucuras que cometín na miña vida. Xa é de abondo lidar coas complexidades dunha granxa, por non falar do que é gravar un documental dentro do seu ecosistema. O último ano de montaxe tamén supuxo un reto tanto polo equilibrio da granxa como para a miña familia. Estou moi agradecido a todos eles por terme apoiado nisto.

Queda claro no documental que unha das leccións máis valiosas que aprendestes é que se un vai ser granxeiro é esencial prestar atención, ver e entender as conexións internas do medio. Como aplicaches esta lección nos demais aspectos da túa vida? Albert Einstein dixo: «Olla profundamente a natureza e has comprender todo mellor». Escribiuno para un amigo maior cuxa muller acababa de morrer. O misterio detrás da condición

humana, a infinidade de posibilidades que vemos na complexidade da natureza, son metáforas que se aplican non só á maneira que temos de vivir, senón de como nos enfrentamos aos obstáculos que se nos presentan. Non precisas mirar alén, abonda con enxergar a xerarquía dos sistemas naturais. Estes non se basean en se algo está ben ou mal, senón nunha lei de consecuencias moito maior que coído que nos inflúe constantemente. Vémonos envoltos moitas veces en situacións onde se nos esixe entender como encaixamos e o grao e control que podemos ou non ter.

Esta granxa é a culminación dun soño para ti e para a túa muller Molly. Agora que xa fostes granxeiros durante case unha década, cal diríades que é a parte máis fascinante da vosa nova vida? Unha das cousas que máis me inspiraron de ter unha granxa deste tipo, onde priorizamos amar o que facemos e cultivamos, é a cantidade de inspiración e enerxía positiva que recibimos mesmo cando estamos sumidos nos intres máis duros e desafiantes.

Publicado en <https://festival-films.com/>
Tradución: Xan Gómez Viñas

O director

John Chester (Baltimore, 1971) é cineasta e director de televisión desde hai 25 anos. As súas últimas pezas para o programa *Super Soul Sunday* da canle OWN gañaron cinco premios Emmy á mellor dirección, guión e fotografía entre outros. Chester percorreu todo o mundo facendo documentais sobre a vida salvaxe para *Animal Planet* o que despertou o seu interese no funcionamento dos ecosistemas, experiencia clave para crear en 2010, na compañía da súa muller, a *Apricot Lane Farms*.

ANA XA TEN O SEU ABONO

E ti, a que agardas para abonarte?

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

